

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL RIBEIRA**

*Aprobación definitiva do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Riveira*

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

### **ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL DO CONCELLO DE RIVEIRA**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria realizada o día 29 de febreiro de 2016, aprobou de xeito definitivo o Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Riveira.

O que se fai público ós efectos previstos no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Riveira, 3 de marzo de 2016.

O alcalde-presidente

Asdo.: Manuel Ruiz Rivas

### **REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE RIVEIRA**

#### **ÍNDICE DE ARTIGOS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.

ARTIGO 2.

ARTIGO 3.

TÍTULO I. DOS DEREITOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CAPÍTULO I. DEREITO Á INICIATIVA CIDADÁ

ARTIGO 4.

CAPÍTULO II. DEREITO Á INFORMACIÓN

ARTIGO 5.

ARTIGO 6.

CAPÍTULO III. DEREITO DE INTERVENCIÓN NAS SESIÓNS PÚBLICAS MUNICIPAIS

ARTIGO 7.

CAPÍTULO IV. DEREITO DE PETICIÓN

ARTIGO 8.

ARTIGO 9.

ARTIGO 10.

ARTIGO 11.

ARTIGO 12.

ARTIGO 13.

ARTIGO 14.

CAPÍTULO V. DEREITO DE AUDIENCIA

ARTIGO 15.

ARTIGO 16.

CAPÍTULO VI. AS CONSULTAS POPULARES

ARTIGO 17.

TÍTULO II. AS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CIDADÁS

CAPÍTULO I. REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES CIDADÁS

ARTIGO 18.

ARTIGO 19.

TÍTULO III. OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CAPÍTULO I. OS CONSELLOS SECTORIAIS

ARTIGO 20.

ARTIGO 21.

ARTIGO 22.

ARTIGO 23.

ARTIGO 24.

ARTIGO 25.

ARTIGO 26.

CAPÍTULO II. OS DISTRITOS

ARTIGO 27.

ARTIGO 28.

ARTIGO 29.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ANEXO I. REGULAMENTO ORGÁNICO REGULADOR DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE FESTEXOS

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A participación cidadá é un dos puntos fundamentais da política democrática dun país e de cada un dos seus Municipios. Esta participación foi regulada en diferentes normas, desde a Constitución Española de 1978, pasando pola Carta Europea de Autonomía Local, a Lei 7/1985, de 2 de abril, e as Recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa.

A reforma introducida na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a través da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, impulsa os mecanismos de participación cidadá para adaptala ás regras de actuación que se levan a cabo en Europa, tal e como manifestou en repetidas ocasións o Consello de Europa.

O Concello de Riveira pretende impulsar e favorecer por todos os medios ao seu alcance a potenciación da participación cidadán a xestión municipal, para isto se redactou o presente Regulamento.

Ao longo da historia democrática comprobouse que a participación cidadá se limitou ás relacións entre o Concello como ente administrativo e as asociacións veciñais, deixando á parte as iniciativas individuais dos cidadáns. A nosa Constitución reconece o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas de sufraxio universal; dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos cos requisitos que sinale nas leis.

O presente Regulamento estrutúrase en catro grandes títulos, no título preliminar enuméranse e descríbense as finalidades e obxectivos do Regulamento. No título I recóllense os dereitos dos cidadáns, utilízase o termo «recollen» porque estes dereitos están xa garantidos e regulados nas leis e na Constitución. Este Regulamento publícase para favorecer que sexa coñecido por todos os cidadáns, achegándolles o seu contido. O título II indica os medios para poñer en funcionamento as consultas populares, mentres que o título III se dedica aos órganos de participación cidadá. O título IV regula os distritos, o seu ámbito territorial, os seus obxectivos, as súas funcións e a súa organización.

## TÍTULO PRELIMINAR.-DISPOSICIÓN XERAIS

**ARTIGO 1.** O Concello de Riveira, exercendo a potestade regulamentaria e de autoorganización que outorgan os artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 24.b) do Real decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e o artigo 4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, regula a organización e o réxime de funcionamento de participación cidadá no seu municipio.

**ARTIGO 2.** O presente Regulamento ten por obxecto garantir o exercicio dos dereitos de participación, regulando as canles polas que estes se poden exercitar, promovendo a participación e facilitando a máis ampla información sobre a súa actividade.

**ARTIGO 3.** Os preceptos deste Regulamento aplicaranse preferentemente sempre que non vaian en contra de disposicións de rango legal que sexan de obriga do cumprimento, tendo en conta que a Lei reguladora de bases do réxime local ten carácter básico, e, igualmente, os artigos 1, 2, 3.2, 12, 13, 14, 15, 16, 18, 22, inciso primeiro, 25, 26, 34, 48, 49, 50, 52, 54, 56, 57, 58, 59, 69 e 71 do Texto refundido de réxime local.

## TÍTULO I.-DOS DEREITOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

### CAPÍTULO I.-DEREITO Á INICIATIVA CIDADÁ

#### ARTIGO 4.-Dereito á iniciativa cidadá.

4.1. A iniciativa cidadá permite a calquera persoa promover accións ou actividades municipais, tales como:

- a) Dereito a propoñer a aprobación de proxectos de regulamentos nos ámbitos de competencia propios.
- b) Dereito a propoñer asuntos para a súa inclusión na orde do día do Pleno municipal.
- c) O dereito a solicitar ao Concello que faga determinada actividade de interese público municipal comprometéndose os solicitantes a achegaren medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal.

4.2. Para formular a iniciativa cidadá sobre propostas de aprobación de proxectos ou regulamento será de aplicación o artigo 70 bis) apartado 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e tramitarse de acordo co establecido polo Regulamento orgánico municipal, en ningún caso poderán ser obxecto desta iniciativa normas reguladoras de tributos ou prezos públicos. O Concello facilitará un modelo para a súa presentación onde deberá indicarse claramente a proposta e, se fose posible, os motivos que a xustifican ou aconsellan.

4.3. Para efectuar propostas sobre asuntos que deban incluírse na orde do día do Pleno e que non se refiran á iniciativa prevista no apartado anterior, esixírase que sexa solicitado por un número de sinaturas non inferior ao 10% das indicadas

no mencionado artigo 70 bis) apartado 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril. Cumprindo estes requisitos, o alcalde ou alcaldesa resolverá a solicitude motivadamente nun prazo máximo de 15 días.

4.4. A solicitude para que o Concello realice determinada actividade de interese público municipal poderá ser formulada por calquera cidadán/a ou grupos de cidadáns e cidadás mediante escrito que indique claramente que actuación se pide e que medios económicos e/ou persoais pensan achegar os peticionarios para colaborar na súa realización. No caso de persoas menores de 16 anos os seus representantes legais deberán validar a petición. O escrito ten que conter o nome e apelidos da persoa asinante, o domicilio, o DNI ea súa sinatura. O órgano municipal competente comunicarlle ao petionario, nun prazo máximo de 45 días, se é admitida a súa solicitude, indicando, en caso afirmativo, que actuacións ou medidas se tomarán.

## CAPÍTULO II.-DEREITO Á INFORMACIÓN

**ARTIGO 5.** É o dereito que teñen todas as persoas a seren informadas, previa petición razoada, e de dirixir solicitudes á Administración Municipal en relación con todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución, e a acceder aos arquivos públicos, segundo a normativa que rexe o procedemento administrativo común.

**ARTIGO 6.** O Concello ten a obriga de informar a cidadanía da súa xestión administrativa, a través dos medios de comunicación, ben sexa por medio de bandos, folletos, Internet, taboleiros de anuncios, paneis informativos e cantos outros medios que se consideren que sexan necesarios. Neste senso, o Concello fará uso das posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para abrir novas canles de comunicación con grupos políticos, asociacións e veciños interesados na acción municipal, incluíndo a creación dun número telefónico de Atención Cidadá: o 010.

## CAPÍTULO III.-DEREITO DE INTERVENCIÓN NAS SESIÓNS PÚBLICAS MUNICIPAIS

**ARTIGO 7.1.** As sesións do Pleno son públicas; non obstante, poderán ser secretos o debate ea votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, aos que se refire o artigo 18 da Constitución, cando así se acorde por maioría absoluta.

Non son públicas as sesións das Xuntas de Goberno nin a das Comisións Informativas.

**ARTIGO 7.2.** Cando algunha das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día en cuxa previa tramitación administrativa interviñese como interesado, deberá solicitarlo ao alcalde ou alcaldesa antes de convocarse a sesión e cos mesmos requisitos formais que regulan a presentación de proposicións por parte dos grupos políticos municipais.

**ARTIGO 7.3.** Cando o Pleno do Concello trate dos asuntos sobre os cales se articulase a iniciativa prevista no artigo 7 deste Regulamento, comportará automaticamente o dereito de intervención na sesión plenaria cos mesmos requisitos formais que regulan a intervención dos grupos políticos municipais.

**ARTIGO 7.4.** O Concello remitiralles ás asociacións veciñais debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións a orde do día dos plenos que se celebren,coa maior antelación posible.

**ARTIGO 7.5.** Sen prexuízo do anterior, e tal como establece o art. 88.3 in fine do Real decreto 2586/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o art. 105.3 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Riveira (BOP n.º 74, do 19 de abril de 2012) unha vez levantada a sesión, a Corporación pode establecer unha quenda de consultas polo público asistentesobre temas concretos de interese municipal.

Nestes casos, aínda que a sesión xa finalizase, corresponderá ao alcalde dirixir as intervencións, e en consecuencia dar a palabra e manter a orde.

Estas intervencións non figurarán na acta da sesión Plenaria, se ben pode redactarse un anexo ou redactarse unha acta separada da sesión Plenaria ao respecto, aínda que non constará no libro de actas do Pleno.

## CAPÍTULO IV.-DEREITO DE PETICIÓN

**ARTIGO 8.** As peticións poden incorporar unha suxestión, unha iniciativa, unha información, expresar queixas ou súplicas. O seu obxecto, polo tanto, caracterízase pola súa amplitude e está referido a calquera asunto de interese xeral, colectivo ou particular. Agora ben, o seu carácter supletorio respecto aos procedementos formais específicos de carácter parlamentario, xudicial ou administrativo obriga a delimitar o seu ámbito ao estritamente discrecional ou graciable, a todo aquilo que non deba ser obxecto dun procedemento especialmente regulado.

**ARTIGO 9.** Pódeo executar toda persoa natural ou xurídica, prescindindo da súa nacionalidade, pode exercer o dereito de petición ante o Concello, individual ou colectivamente, sen que do seu exercicio poida derivarse prexuízo ningún para o petionario. Non obstante, non resultarán exentos de responsabilidade quen con ocasión do exercicio do dereito de petición incorresen en delito ou falta.

As peticións poderán versar sobre calquera asunto ou materia comprendidos no ámbito de competencias do Concello, con independencia de que afecten exclusivamente ao petionario ou sexan de interese colectivo ou xeral.

**ARTIGO 10.** As peticións formularanse por escrito, podendo utilizarse calquera medio, incluso de carácter electrónico, que permita acreditar a súa autenticidade, e incluírán necesariamente a identidade do solicitante, a nacionalidade se a tiver, o lugar ou o medio elixido para a práctica de notificacións, o obxecto e o destinatario da petición.

No caso de peticións colectivas, ademais de cumprir os requisitos anteriores, serán asinadas por todos os petionarios, debendo figurar, xunto á sinatura de cada un deles, o seu nome e apelidos.

**ARTIGO 11.** Recibido o escrito de petición, o Concello procederá a comprobar a súa adecuación aos requisitos previstos pola presente Lei, previas as dilixencias, comprobacións e asesoramento que estime pertinentes. Como resultado de tal apreciación deberá declararse a súa inadmisión ou tramitarse a petición correspondente.

**ARTIGO 12.** Se o escrito de petición non reunise os requisitos establecidos ou non reflectise os datos necesarios coa suficiente claridade, requirírase ao petionario para que corrixa os defectos advertidos no prazo de quince días co apercibimento de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa petición, notificándose entón o su arquivo con expresión de causa.

Así mesmo, poderase requirir ao petionario a achega daqueles datos ou documentos complementarios que obren no seu poder ou cuxa obtención estea ao seu alcance e que resulten estritamente imprescindibles para tramitar a petición. A non achega de tales datos e documentos non determinará por si soa a inadmisibilidade da petición, sen prexuízo dos seus efectos na contestación que finalmente se adopte.

**ARTIGO 13.** A declaración de inadmisibilidade será sempre motivada e deberá acordarse e notificarse ao petionario nos corenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.

Cando a inadmisión traia causa da existencia no Ordenamento Xurídico doutros procedementos específicos para a satisfacción do obxecto da petición, a declaración de inadmisión deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo abeiro deba tramitarse, así como o órgano competente para ela. Noutro caso, entenderase que a petición foi admitida a trámite.

**ARTIGO 14.** Unha vez admitida a trámite unha petición, o Concello estará obrigado a contestar e a notificar a contestación no prazo máximo de tres meses a contar desde a data da súa presentación. Así mesmo poderá, se así o considera necesario, convocar os petionarios en audiencia especial.

A contestación recollerá, polo menos, os termos nos que a petición foi tomada en consideración por parte da autoridade ou órgano competente e incorporará as razóns e motivos polos que se acorda acceder á petición ou non facelo. En caso de que, como resultado da petición, se adoptase calquera acordo, medida ou resolución específica, agregarase á contestación.

## CAPÍTULO V.-DEREITO DE AUDIENCIA

**ARTIGO 15.** Os interesados nun procedemento, unha vez que estea instruído este, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados ou aos seus representantes para que no prazo non inferior a dez días ou superior a quince poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.

**ARTIGO 16.** Considérase igualmente dereito a audiencia pública, a presentación pública daquelas actuacións ou xestións municipais de accións especialmente importantes para a vida municipal. Realízase unha exposición destas e posteriormente iníciase un debate entre o Concello e a cidadanía. Recolléranse igualmente as propostas dos cidadáns.

Realizarse a audiencia pública polo menos \_\_\_\_\_ [determinar o número de veces que se realizará; a norma xeral é que se realice unha ou dúas veces ao ano].

## CAPÍTULO VI.-AS CONSULTAS POPULARES

**ARTIGO 17.1.** O alcalde ou alcaldesa, previo acordo por maioría absoluta do Pleno, poderá someter a consulta popular aqueles asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños, con excepción da Facenda Local.

**ARTIGO 17.2.** Poderán ser inscritas no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá as asociacións sen afán de lucro legalmente constituídas que teñan como obxectivos a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses dos cidadáns do municipio e, en particular, as asociacións de veciños, de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e outras similares, que o seu ámbito de actuación comprenda en todo caso o termo municipal ou parte deste e teñan a súa sede social.

## TÍTULO II.-AS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CIDADÁS

### CAPÍTULO I.-REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES CIDADÁS

**ARTIGO 18.** O Rexistro Municipal de Entidades Cidadás será único para todas as asociacións, entidades, que cumpran os requisitos solicitados no artigo seguinte.

Por medio deste Rexistro, permítese recoñecer todas as entidades podéndolles garantir o exercicio de dereitos que regula este Regulamento, permitíndolle coñecer ao Concello o número de asociacións e entidades rexistradas que existen na comunidade e coas que se debe contar para realizar as actividades de participación cidadá.

**ARTIGO 19.1.** As entidades que funcionen democráticamente, sen ánimo de lucro, poderán solicitar a inscrición no Rexistro de Entidades, presentando a seguinte documentación:

- Solicitud á Alcaldía.
- CIF.
- Copia compulsada dos estatutos da asociación, entidade...
- Domicilio ou sede social desta.
- Presuposto do ano en curso.
- Certificado do número de socios, membros.
- ...

**ARTIGO 19.2.** As Entidades e Asociacións de Participación Cidadá Terán dereito a:

- Recibir información directa sobre os asuntos que sexan do seu interese.
- Facer propostas sobre os asuntos que afecten aos seus intereses e aos dos seus representados, no ámbito de competencia municipal e nos termos establecidos neste Regulamento, así como o exercicio do Dereito de Petición.
- Formar parte dos órganos de participación cidadá, de acordo co disposto no presente Regulamento.
- Facer uso dos medios públicos municipais, especialmente dos locais sociais e parroquiais, páxina web do Concello, boletíns, etc, nas condicións que determine a Administración Municipal.
- Participar na asignación de medios e distribución de axudas, de acordo cos recursos orzamentarios que, se é o caso, se efectuarán con criterios obxectivos de acordo á representatividade das entidades e asociacións nos termos establecidos na normativa local a respecto. En todo caso, os orzamentos do Concello incluírán unha partida económica a tal fin.
- Inscribirse no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá.

### TÍTULO III.-OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

#### CAPÍTULO I.-OS CONSELLOS SECTORIAIS<sup>1</sup>

**ARTIGO 20.** Os órganos de participación teñen un carácter consultivo e deliberante, unha función informativa e asesora no ámbito municipal, realizando aquelas propostas que considere adecuadas para favorecer a participación cidadá.

**ARTIGO 21.** Os consellos sectoriais teñen a finalidade de facilitar e canalizar a participación dos cidadáns nos diferentes aspectos que tratan cada un deles. Os consellos sectoriais pódense constituír arredor de temas concretos de interese, como son axuventude, a cultura, os festexos, o medio ambiente...

**ARTIGO 22.** Os acordos dos diferentes consellos sectoriais terán forma de informe ou proposta e non serán en ningún caso vinculantes.

**ARTIGO 23.** O Pleno do Concello aprobará a composición, organización e ámbito de actuación dos respectivos consellos sectoriais que considere necesarios e adecuados para fomentar a participación cidadán o ámbito da súa creación.

Os regulamentos orgánicos de organización e funcionamento dos consellos sectoriais deberanse aprobar de maneira independente segundo o procedemento xeral marcado na Lexislación de réxime local. Cada un dos Regulamentos deberá especificar as características xerais que se aproban nos artigos 21 a 27 deste Regulamento.

[Como anexo a este Regulamento, introduciuse un Regulamento Orgánico do Consello Sectorial de Festexos].

**ARTIGO 24.** A composición dos consellos sectoriais será a seguinte:

– Polo presidente, que será un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo alcalde, que actuará como enlace entre o Concello e o Consello.

– Por vogais:

- a) Representantes da Corporación Municipal.
- b) Representantes de asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Entidades relacionadas co sector.
- c) Representantes das institucións, asociacións, vinculadas coa área do Consello.
- d) Un secretario [pode ser un funcionario, sen voto pero con voz].

#### **ARTIGO 25.**

Son funcións dos consellos sectoriais as seguintes:

- Fomentar a protección ea promoción da calidade de vida dos sectores implicados.
- Asesorar ao Concello e colaborar con el no ámbito do seu coñecemento, presentando iniciativas, suxestións ou propostas para favorecer o desenvolvemento da materia da súa competencia.
- Fomentar a participación directa das persoas.
- Favorecer o asociacionismo e a colaboración individual.
- Emitir informes sempre que estes sexan solicitados polo Concello nun aspecto concreto.
- Fomentar a aplicación de políticas integrais encamiñadas á defensa dos dereitos das persoas.
- ...

**ARTIGO 26.** Os consellos sectoriais reuniranse ordinariamente unha vez cada tres meses, remitíndose acta de todas as reunións aos membros do consello e ás entidades relacionadas co sector.

#### CAPÍTULO II.-OS DISTRITOS

**ARTIGO 27.** Coa finalidade de favorecer e facilitar o acercamento da poboación aos asuntos locais, tratando de mellorar a eficacia dos servizos públicos, que terán o carácter de órganos territoriais de xestión desconcentrada e cuxa finalidade será a mellor xestión dos asuntos da competencia municipal e facilitar a participación cidadán o respectivo ámbito territorial.

**ARTIGO 28.** O Pleno do Concello poderá acordar a creación de xuntas municipais.

<sup>1</sup> En virtude do artigo 139.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o funcionamento dos Consellos Sectoriais rexerase polo disposto nos Acordos plenarios que os establezan.

– Polo presidente, que será un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo alcalde, que actuará como enlace entre o Concello e o Consello.

– Por vogais:

a) Representantes da Corporación Municipal.

b) Representantes de asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Entidades relacionadas co ámbito territorial.

c) Un secretario [pode ser un funcionario, sen voto pero con voz].

**ARTIGO 29.** As Xuntas de Distrito reuniranse ordinariamente unha vez cada tres meses, remitíndose acta de todas as reunións aos membros desta e ás entidades relacionadas co ámbito territorial.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

**PRIMEIRA.** O Concello promoverá a elaboración dunha Carta Cidadá que axude a clarificar, difundir e utilizar os medios adecuados para o mellor exercicio dos dereitos cidadáns de información, consulta, asociación, reunión e participación.

**SEGUNDA.** O Concello promoverá a elaboración dun plan de participación para mellorar a organización municipal e facela máis permeable ás iniciativas cidadás, facilitar a celebración de xuntanzas parroquiais e favorecer a estruturación e consolidación do tecido asociativo, así como o interese pola cidadanía de intervir na mellora de Riveira.

**TERCEIRA.** O Concello promoverá a elaboración dun plan para o fomento do asociacionismo coa finalidade de facilitar instrumentos que melloren a estrutura e a actividade das asociacións da cidade e fomenten a incorporación e implicación de máis persoas no tecido asociativo.

**CUARTA.** O Concello elaborará un plan de comunicación para regular o funcionamento dos medios de comunicación locais de titularidade municipal e a súa coordinación para garantir unha mellor información cidadá.

**QUINTA.** O Concello promoverá a elaboración dun Plan de usos dos equipamentos cívicos, sociais, culturais e deportivos para facilitar o mellor exercicio dos dereitos de reunión, asociación e participación.

**SEXTA.** O Concello promoverá as actuacións necesarias para facilitar o exercicio dos dereitos de información, consulta, reclamación e participación nos organismos autónomos e nas empresas públicas municipais.

**SÉTIMA.** A aparición de novos modelos, experiencias ou sistemas que favorezan a participación poderán ser incorporados, por proposta da Comisión Mixta, polo/a alcalde/sa, a non ser que supoñan modificación deste regulamento, en cuxo caso deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación.-

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas normas municipais, acordos ou disposicións, contradigan o establecido no presente Regulamento.

## DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da dita lei.



## ANEXO I.-REGULAMENTO ORGÁNICO REGULADOR DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE FESTEXOS

### CAPÍTULO I.-NATUREZA E OBXECTIVOS

**ARTIGO 1.** De conformidade co disposto nos artigos 130 e 131 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no Regulamento orgánico municipal de participación cidadá, constitúese o Consello Sectorial de Festexos, como órgano de participación sectorial, que forma parte dos órganos complementarios do Concello.

**ARTIGO 2.** Este Consello Sectorial de Festexos ten como obxectivos favorecer e facilitar a participación dos cidadáns do municipio na organización das diferentes festividades que nel se celebran. Este órgano ten carácter consultivo, e os seus informes non serán vinculantes para o Concello, non obstante, serán tidos en conta nas ditas organizacións.

### CAPÍTULO II.-ESTRUTURA ORGÁNICA, COMPOSICIÓN E FUNCÍONS

**ARTIGO 3.** Composición do Consello Sectorial de Festexos.

– O presidente: \_\_\_\_\_ [O alcalde ou concelleiro/a delegado/a de festexos].

– Vogais:

- Un representante da Asociación \_\_\_\_\_.
- Un representante da Asociación \_\_\_\_\_.
- Un representante da Asociación \_\_\_\_\_.
- Un representante da Asociación de Comerciantes \_\_\_\_\_.
- Un representante da Asociación de Maiores \_\_\_\_\_.
- Un representante de Asociación de Amas de Casa \_\_\_\_\_.
- Un representante de Asociación de Xuventude \_\_\_\_\_.

– Secretario: actuará como tal o secretario da Corporación [poderá delegar as súas funcións nun funcionario municipal].  
[Deberá nomearse de conformidade coas necesidades e as asociacións... existentes no municipio].

**ARTIGO 4.** Son funcións do Consello Sectorial de Festexos:

- Presentar suxestións en relación cos festexos que se vaian celebrar no municipio, durante todo o ano, tanto nas festas maiores que se celebran no mes de \_\_\_\_\_ coma nas festas menores.
- Asesorar ao Concello e colaborar con el en materia de festexos e cultura.
- Elaborar un programa provisional das festas, que será remitido xunto cun informe de todas as actuacións que se propoñen ao Concello para o seu debate e aprobación final
- Propoñer solucións aos problemas que formule o Concello sobre os festexos.
- Colaborar no contacto cos grupos, empresarios, representantes, que van organizar as actuacións durante as festas patronais.
- Promover a constitución de asociacións no municipio e de convenios entre as asociacións para potenciar as festas tanto entre as persoas do municipio como para darlles publicidade fóra.
- Promover a realización, edición de folletos, revistas, sobre as festas e os seus programas.
- Informar aos veciños e cidadáns dos acordos do Concello en materia de festexos.
- Aquelas outras funcións que lle sexan outorgadas polo Pleno do Concello.
- ...

### CAPÍTULO III.-RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

**ARTIGO 5.** O Consello Sectorial de Festexos reunirse ordinariamente unha vez cada tres meses, previa a correspondente convocatoria que realizará o presidente. Poderanse reunir extraordinariamente cada vez que o considere oportuno a Presidencia ou unha terceira parte dos membros do pleno.

As convocatorias deberán realizarse cunha antelación mínima de \_\_\_\_\_ días hábiles, no caso das ordinarias e de \_\_\_\_\_ no caso das extraordinarias.

**ARTIGO 6.** Os acordos serán tomados por maioría simple dos membros asistentes.

**ARTIGO 7.** No non previsto neste Regulamento serán aplicables as regras xerais para o Pleno do Concello.

### CAPÍTULO IV.-RÉXIME DE DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DO CONSELLO

**ARTIGO 8.** Son dereitos dos membros do Consello:

- Asistir ás reunións tanto ordinarias coma extraordinarias que se celebren.
- Propoñer actuacións en relación con festexos municipais, e durante os rogos e preguntas de todas as reunións.
- ...

**ARTIGO 9.** Son deberes dos membros do Consello:

- Asistir ás reunións que se celebren.
- Propoñer aquilo que se considere mellor para o, municipio, absténdose de realizar achegas que lle favorezan de maneira persoal.
- ...

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O acordo do Pleno no que se constituía este Consello Sectorial de Festexos deberá de celebrarse no prazo máximo de \_\_\_\_\_ mes.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da antedita lei.

Diligencia que practico eu, o secretario xeral do Concello de Riveira, para dar fe de que o presente Regulamento foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria realizada o día 29 de febreiro de 2016.

Riveira, 1 de marzo de 2016.

O secretario xeral

Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle

2016/1639